

- [Comezo](#)
- [Televisión Dixital](#)
 - [Que é a TDT?](#)
 - [Vantaxes](#)
 - [Difusión da TDT](#)
 - [Novos avances](#)
 - [Lexislación](#)
- [Como ver a televisión](#)
 - [Pasos a seguir](#)
 - [Cobertura](#)
 - [Adaptación da instalación](#)
 - [Selección do receptor](#)
 - [Solución SAT-TDT](#)
- [Actualidade](#)
 - [Novas](#)
 - [Destacados](#)
 - [Actuacións na rede](#)
 - [Oferta de contido](#)
 - [Emisións en Alta Definición](#)
 - [Emisións en Ultra HD](#)
- [Consultas/Incidencias](#)
 - [Contacto](#)
 - [Enlaces de interese](#)
 - [Preguntas frecuentes](#)
 - [Glosario](#)
- [Oficina da TDT](#)

Menú Principal

- [Comezo](#)
- [Novas](#)
- [Destacados](#)
- [Actuacións na rede](#)
- [Comprobe a súa cobertura](#)
- [Mapa Web-GIS](#)
- [Preguntas frecuentes](#)
- [Enlaces](#)
- [A TDT nos medios](#)
- [Mapa Web](#)
- [Acceso](#)

Compartir

Twitter

[Oficina Técnica da TDT de Galicia](#)



A Xunta de Galicia ten habilitada desde 2008 unha Oficina Técnica da TDT, que se constitúe como unha entidade- dinámica e flexible- que exerce de elemento tractor e coordinador das iniciativas impulsadas e lideradas pola Xunta de Galicia, ou polos distintos axentes implicados no proceso, necesarias para garantir o éxito da implantación e desenvolvemento da Televisión Dixital Terrestre en Galicia.

Esta actuación está cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional nun 80%, no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013.

- Dirección Xeral de Política Rexional (Comisión Europea) : http://ec.europa.eu/dgs/regional_policy/index_es.htm
- Dirección Xeral de Fondos Comunitarios (Ministerio de Economía e Facenda): www.dgfc.sggp.meh.es


Obxectivos

Os obxectivos da Oficina Técnica da TDT de Galicia son:

Idear en conxunto co resto de axentes e ser o elemento impulsor das iniciativas necesarias para vencer as barreiras que impiden o axeitado avance no proceso de cambio tecnolóxico.

- Centralizar e canalizar toda a información no proceso, mantendo un fluxo fluído da mesma entre os distintos axentes, e asesorando e informando aos mesmos en todo aquilo que este relacionado coa televisión dixital terrestre
- Actuar como observatorio da implantación da televisión dixital terrestre, dispoñendo sempre dunha visión global e panorámica do proceso que permita unha análise prospectiva.
- Desde a Oficina Técnica da TDT de Galicia aténdese de xeito personalizado as consultas recibidas a través do número de teléfono 881 866 388, e o correo electrónico oficinatdt@xunta.es.

Na páxina www.tdtgalicia.es, a través dunha ferramenta SIX accesible por internet, están dispoñibles os datos de cobertura máis actualizados do servizo de TDT e información de cara onde orientar as antenas para cada unhas das entidades de poboación de Galicia.



Ferramenta SIX de información de coberturas TDT.

Principais actividades

Comunicación e atención aos usuarios

A través do teléfono 881 866 388 e do correo electrónico oficinatdt@xunta.es aténdense as dúbidas sobre a TDT e as incidencias na recepción do sinal.

Medidas de comprobación técnica

A Oficina Técnica da TDT realiza o control das emisións de TDT en lugares específicos para analizar o funcionamento de centros microemisores, estudar incidencias ou comprobar as coberturas reais acadadas. Fai uso dunha unidade móbil de medidas.



Apoio técnico á SXM

O persoal da Oficina presta o seu apoio técnico a S.X. de Medios, e realiza labores de coordinación e atención aos diferentes axentes implicados (concesionarios, concellos, outras administracións, televisións, ...)

Validación de solicitudes de SAT-TDT

A Xunta de Galicia asumiu a validación das solicitudes de instalación de SAT-TDT, a través do portal habilitado ao efecto por Abertis Telecom (empresa encargada de prestar o servizo de difusión da televisión por satélite mediante acceso condicional). A Oficina Técnica realiza as aceptacións ou denegacións de solicitudes realizadas polos distribuidores autorizados da solución SAT-TDT, comprobando se as instalacións se ubican en zonas sen cobertura terrestre de TDT.

Contacto

- Oficina Técnica da TDT de Galicia
- Novo Teléfono: 881 866 388
- Correo electrónico: oficinatdt@xunta.es
- Páxina WEB: www.tdtgalicia.es

Información Legal

Copyright © 2012. All Rights Reserved.

Designed by Oficina Técnica da TDT de Galicia.